

## REGULAMENTO DAS POXAS DE GANDO VACÚN

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En consonancia co Regulamento Xeral da Central Agropecuaria de Galicia, establécese o seguinte Regulamento que define as normas específicas das Poxas de Gando Vacún, celebradas no marco da presente Central, no Recinto Feira Internacional de Galicia.

1

Son obxectivos específicos do presente Regulamento establecer as normas de funcionamento así como os dereitos e obrigas, de inescusable cumprimento, de todas aquelas persoas, compradores ou vendedores que realicen transaccións de vacún a través da Central Agropecuaria de Galicia.

Tendo en conta as disposicións establecidas no Regulamento Xeral da Central Agropecuaria de Galicia, a Fundación Semana Verde de Galicia, en calidade de Entidade Promotora e Xestora da Central dita o seguinte Regulamento:

#### **CAPÍTULO I: ESTRUCTURA, OBXECTIVOS E FINS DAS POXAS DE VACÚN.**

##### ***Artigo 1. – Obxecto.***

O presente Regulamento ten por obxecto establecer as normas de funcionamento das Poxas de Vacún celebradas no marco da Central Agropecuaria de Galicia.

##### ***Artigo 2. – Fins.***

Son fins específicos das Poxas de Vacún os seguintes:

- Concentrar a oferta e a demanda a fin de reducir os custos.
- Ofertar as canles adecuadas para a comercialización do gando vacún.
- Elaboración dun banco de datos co fin de subministrar a máxima información posible, tanto a gandeiros como a compradores.
- Elaboración e publicación de prezos reais de venda.

##### ***Artigo 3. – Ubicación.***

As poxas de vacún realizadas no marco da Central Agropecuaria de Galicia estarán ubicadas no Recinto Feira Internacional de Galicia, situado na localidade pontevedresa de Silleda.

##### ***Artigo 4. – Celebración.***

As poxas de vacún terán unha periodicidade semanal, fixándose como día habitual de celebración os martes.

No caso de non poder celebrarse algunha das poxas nas datas habituais establecidas no parágrafo anterior, será a entidade promotora e xestora da Central Agropecuaria de Galicia a encargada de trasladala de día ou da súa suspensión, mediante comunicación aos habituais operadores coa antelación suficiente e mediante os anuncios pertinentes nas propias instalacións da Central Agropecuaria.

## REGULAMENTO DAS POXAS DE GANDO VACÚN

### Artigo 5. – Órganos.

En consonancia co Regulamento Xeral da Central Agropecuaria de Galicia, defínense como órganos das Poxas de Gando Vacún, os seguintes:

- **Entidade Xestora e Promotora:** A Fundación Semana Verde de Galicia.
- **Comisión Xeral da Central Agropecuaria de Galicia:** Configúrase como órgano consultivo da Central Agropecuaria de Galicia e estará composta por representantes da Entidade Xestora e Promotora e por un mínimo de 2 vocais de cada un dos sectores participantes na Central Agropecuaria de Galicia.
- **Comité da Poxa de Vacún:** Configúrase como órgano consultivo, formado pola Entidade Promotora e Xestora e polos compradores e os vendedores/productores/transportistas. A este fin, e cos datos obtidos do Banco da Central Agropecuaria de Galicia elaborárase o Comité da Poxa de Vacún cos operadores que máis operacións teñan realizado na Poxa no ano inmediatamente anterior, sen prexuízo de que os propios operadores se organicen entre eles co fin de designar aos seus representantes no Comité.

### Artigo 6. – Dirección das poxas.

O funcionamento, dirección e representación das poxas correrá a cargo da Fundación Semana Verde de Galicia, a cal ten plenos poderes para isto.

Serán funcións específicas da organización:

- Organizar a recepción, entrada, identificación, pesada e aloxamento do gando.
- Inspección e aceptación da documentación sanitaria do gando.
- Velar pola pureza e transparencia da poxa, impedindo os tratos directos dentro do recinto da Central Agropecuaria.
- Resolver calquera incidencia que se poida presentar.
- Prover dos recursos materiais, técnicos, tecnolóxicos e humanos necesarios para o bo desenvolvemento das poxas de vacún.
- Acometer as reformas e propostas, que ao seu xuízo ou a petición do sector, poidan incidir nunha mellora no desenvolvemento da poxa.
- Recoller e valorar as suxestións de mellora que presenten os operadores e intentar executar, dentro das súas posibilidades, as recomendacións do Comité da Poxa.
- Elaborar, aprobar, interpretar e modificar os regulamentos específicos da poxa ao fin de adaptalos ás posibilidades orzamentarias da propia Fundación.
- Custodiar e publicar toda a información que se xere na propia Central.
- Establecer taxas, canons e outros mecanismos económicos/ financeiros que se consideren oportunos.

***A organización das poxas porá a disposición de todos os operadores uns modelos normalizados de partes de incidencias e un buzón de de suxestións, a fin de que estes teñan unha interlocución directa coa Entidade Xestora e Promotora da Central Agropecuaria de Galicia.***

### REGULAMENTO DAS POXAS DE GANDO VACÚN

Para velar polo cumprimento das súas funcións específicas, a organización designará o equipo humano necesario e nomeará a figura dun Coordinador da Poxa quen:

- Supervisará todo o procedemento.
- Velará pola transparencia, legalidade, eficacia e corrección do sistema.
- Será o interlocutor directo cos operadores tanto para as cuestións habituais como para a resolución de incidencias.
- Informará á Dirección de calquera incidencia ou anomalía que se produza.
- Elevará propostas de mellora nos sistemas e procedementos.

#### **Artigo 7. – Comité das Poxas de Vacún.**

Constitúese o Comité da Poxa de Vacún como órgano consultivo, que estará formado pola Entidade Promotora e Xestora e polos compradores e os vendedores/productores/transportistas. Os obxectivos principais deste comité son:

- Propoñer melloras técnicas á Entidade Promotora da Central Agropecuaria de Galicia a fin de conseguir unha comercialización máis eficiente.
- A proposta motivada de melloras ou cambios regulamentarios da Central Agropecuaria a fin dunha mellor adaptación ás necesidades do mercado.
- O nomeamento dos seus vocais na Comisión Xeral da Central Agropecuaria de Galicia.
- Facer todas aquelas aportacións que se estimen oportunas.

#### **Composición:**

O Comité de Poxa estará composto por representantes da Entidade Promotora e Xestora e por membros elixidos entre os usuarios específicos da poxa, tanto do sector da oferta (produtores/transportistas) como da demanda (intermediarios/industria).

O Comité da Poxa quedará configurado do seguinte xeito:

- **Entidade Promotora e Xestora:** A Fundación Semana Verde de Galicia contará co número de membros que estime oportuno, onde en todo caso estarán o encargado da Central Agropecuaria de Galicia e/ou o Coordinador das Poxas de Vacún.
- **Operadores:** A Central Agropecuaria de Galicia elaborará cada final de ano unha relación cos operadores que máis transaccións teñan realizado na Central. Así estableceranse por orde de transaccións, 3 membros por parte da oferta (produtores/transportistas), xunto con outros dous membros das cooperativas provinciais que actuarán como representantes electos dos vendedores; e outros 5 membros da demanda (intermediarios/industria). En todo caso, os compradores poderanse organizar entre eles para designar a 2 destes 5 membros (sempre que ostenten representación suficiente).
- **Representantes da Administración Autonómica:** Tendo en conta a utilidade que para a economía agraria galega representa a existencia desta Central Agropecuaria, procurarase que nestes Comités participen membros designados pola Administración Autonómica con responsabilidade en materia agropecuaria.

## REGULAMENTO DAS POXAS DE GANDO VACÚN

### CAPÍTULO II. DOS VENDEDORES.

#### **Artigo 8. – Definición.**

Poderán participar como vendedores nas Poxas de Vacún todas aquelas persoas que o desexen e sexan criadores ou propietarios de gando vacún, e que previamente se identifiquen e se acrediten nas oficinas das poxas en tempo e forma (ben presentando o seu CEA ou, no seu caso, o carné de operador comercial).

#### **Artigo 9. – Acreditación.**

Todo vendedor, para acreditarse como tal, deberá facilitar á organización os seguintes datos:

- Nome e Apelidos.
- Enderezo Postal.
- N.I.F. ou C.I.F segundo proceda.
- Documento que indique o réxime fiscal polo que está a cotizar para unha correcta aplicación do IVE (Declaración Censal, modelo 036).
- Documentación de identificación bovina dos animais que queira presentar.
- Se se trata dun intermediario e non do propio gandeiro, deberá presentar ademais a factura de compra dos animais.

#### **Artigo 10. – Obrigas.**

O vendedor, baixo a súa responsabilidade comprométese a presentar animais sanos, que non padezan ou presenten síntomas de ningunha enfermidade infecto-contaxiosa ou defecto físico que impida o seu manexo e cría natural. O incumprimento desta obriga dará lugar á devolución íntegra do importe do valor do animal.

Para os datos do animal, o propietario ou o seu representante deberá facilitar o recibo de recepción e a documentación sanitaria de acompañamento do animal, que son:

- D.I.B. (Documento de identificación bobina) ou pasaporte.
- Fotocopia da folia de saneamento, na cal deberá aparecer o propio número de crotal no caso das vacas, ou o da nai no caso dos cebos e animais de recría. Estas fotocopias deberán estar compulsadas e con data non superior a 6 meses.
- Para as vacas e cebos é obrigatoria a entrega da declaración xurada do gandeiro sobre a sanidade do animal e da explotación segundo o modelo RD 361/2009 de maneira individual por cada unha das reses.

A documentación sanitaria que entregue o propietario do animal á organización da subasta, será a correcta para que o novo adxudicatario poida retirar o animal. Hai unha excepción: no caso dos animais que veña provistos de guía de saneamento para a súa entrada no recinto, será o comprador o responsable de solicitar a guía de saída.

É obriga do vendedor, presentar esta documentación sanitaria, entre as 6:30 h. e as 10:30 h. da mañá do día da subasta.

## **REGULAMENTO DAS POXAS DE GANDO VACÚN**

A retirada dos animais cuxa transacción fose rexeitada polo vendedor e daqueles que non obtiveran poxa algunha (os desertos), efectuarana os seus propietarios unha vez finalizada a poxa e cando xa teñan sido separados do resto de animais polo persoal da organización e previa entrega do recibo de recepción e do pago do correspondente canon.

Para o caso dos intermediarios, no que non coincide o nome do vendedor do animal co que figura no D.I.B., para poder cobrar os talóns nominativos, o vendedor terá que asinar un documento preparado a tal efecto pola Central, no que figure a listaxe identificada dos animais cos seus números de crotal e de orde na subasta, e certifique que foron adquiridos no ámbito habitual do seu negocio.

No caso de cambios de réxime fiscal ou detección de erros na aplicación do IVE ou das retencións sobre o IRPF solicitarase o documento oficial da Facenda Pública que os acrediten (declaración censal modelo 036) e non se realizarán despois de tres meses da data da transacción nin unha vez finalizado o ano en curso.

No caso de cambio de titularidade do CEA, este deberá ser informado antes do comenzo da subasta, no momento de entrega da D.I.B.

### **CAPÍTULO III. – DOS COMPRADORES.**

#### ***Artigo 11. – Definición.***

Poderá ser comprador toda persoa (física ou xurídica) que estea en posesión do carné de operador comercial ou dado de alta no Imposto de Actividades Económicas como cebadeiro industrial ou comercializador de carne, e que sexa acreditado e admitido pola Dirección da Poxa.

#### ***Artigo 12. – Admisión.***

Para ser admitido como tal, o comprador ten a obriga de aceptar unha das dúas formas de pago estipuladas pola organización da Central Agropecuaria de Galicia:

- Pago en efectivo. A primeira vez que participe na subasta, para ser admitido, terá que entregar previamente unha cantidade en efectivo que cubra as súas posibles poxas. Nas seguintes, deberá pagar en metálico antes de retirar o gando do Recinto.
- Pago avalado por documento bancario. Ata a cantidade efectivamente avalada poderá entregar cheque nominativo ou aceptar un xiro bancario. De superarse a cantidade avalada deberá entregar o excedente en metálico antes de retirar o gando.

#### ***Artigo 13. – Dereitos e Obrigas xerais.***

O comprador poderá establecer un tope máximo na adxudicación de animais que o protexa de un exceso de adxudicacións. Deberá reflectir este tope máximo que pode adquirir, no primeiro impreso de poxas que entregue. O sistema informático de adxudicacións terá en conta este límite e cando se alcance deixará de contemplar as poxas do comprador.

## REGULAMENTO DAS POXAS DE GANDO VACÚN

O comprador ten a obriga de facerse cargo dos animais polos que poxase e lle sexan adxudicados. En caso de detectarse defectos no gando con posterioridade a adxudicación, deberá informar inmediatamente ao coordinador da subasta quen convocará ao vendedor e aos servizos veterinarios da Xunta de Galicia para unha avaliación do animal en cuestión.

Unha vez avaliado se:

- O animal está en boas condicións: esixirase ao comprador que se faga cargo do animal no prezo que puxou.
- Os servizos veterinarios verifican que o animal viña cun defecto non evidente que minora o seu valor: darase opción aos catro maiores poxadores sobre ese animal (por separado) para que fagan unha nova poxa sendo coñecedores do defecto e procederase a adxudicación definitiva á maior destas novas poxas.
- Os servizos veterinarios determinan que o animal entrou san nas nosas instalacións pero unha vez nelas sufriu algún contratempo durante o manexo dos operarios, darase parte da acta do veterinario á compañía aseguradora para que se faga cargo do diferencial do importe entre o puxado inicialmente e o valor que acade unha vez coñecido o defecto.

A Central Agropecuaria de Galicia facilitará aos compradores unha relación da totalidade das transaccións realizadas no día, así como dos recibos individualizados de cada compra asinados polos vendedores.

Para aqueles animais que veñan provistos de guía de saneamento para a súa entrada no recinto o responsable de solicitar a guía de saída será o comprador.

### **CAPÍTULO IV. – PROCEDEMENTO DA POXA.**

#### ***Artigo 14. – Identificación e aloxamento do gando.***

Son obrigas da entidade promotora e xestora da Central Agropecuaria de Galicia a identificación e aloxamento do gando vacún. Así especificamente, corresponde a esta:

- **Marcado de animais:** Para unha perfecta identificación dos animais nas poxas e a fin de evitar cambios de número ou posibles erros, os animais participantes na poxa de recría serán crotalizados de forma individual e os participantes nas de cebo e desvelle serán amarrados de forma individual nas prazas numeradas existentes.
- **Aloxamento:** Cada animal será aloxado en gaiolas ou amarres, que a organización ten dispostos para os mesmos.
- **Recibo de recepción:** Por cada animal expedirase un recibo de recepción, coincidente co número co que se crotalizou o animal, no cal se farán constar as catro últimas cifras do crotal sanitario. Este documento acreditará ao vendedor como propietario do animal.
- **Facturación:** A Central Agropecuaria proverá aos compradores do correspondente recibo que xustifique o valor da compra realizada e facilitará a obtención das facturas oficiais cando fosen necesarias.

## REGULAMENTO DAS POXAS DE GANDO VACÚN

### Artigo 15. – Licitacións e adxudicacións:

- As licitacións presentaranse nos impresos oficiais da subasta.
- A cantidade que se faga pública na sala é a que realmente se abonará aos vendedores; os descontos pactados así como as taxas por utilización do recinto e servizos feirais estarán descontados do prezo ofertado polo comprador.
- No momento de entrega destas licitacións, estas serán numeradas de acordo coa orde en que sexan entregadas.
- En caso de empate no prezo ofertado por un mesmo animal, este será adxudicado ao comprador que primeiro presentou a súa oferta.
- Antes do inicio de cada poxa, o subastador informará aos compradores do resultado numérico das súas adxudicacións e entregará unha listaxe individual das poxas de cada comprador no que figurarán tal e como as realizou e o valor das mesmas unha vez deducidas as taxas correspondentes, a efectos de que o comprador poida comprobar durante o cantado que a adxudicación é correcta e dunha mellor planificación para a loxística de saída.
- Para minimizar os erros, establécese o seguinte procedemento de eliminación das poxas desproporcionadas: o sistema de adxudicación eliminará automaticamente aquelas poxas que excedan nun 40 % o valor da segunda máis alta.  
En todo caso, se a poxa eliminada fose correcta, o comprador sempre terá dereito a pedir a revisión dos impresos e solicitar manter a taxación inicial, co cal se lle daría validez e se lle adxudicaría o animal.
- Durante o proceso da poxa pública o subastador irá informando públicamente da mellor poxa (deducidas as taxas). Nese mesmo momento o propietario do animal poxado terá dereito a aceptar ou denegar a transacción. Tamén o comprador deberá estar atento para comprobar que a poxa que se canta é cando menos igual ou maior á súa e, no seu caso, que a súa é correcta e coincide coa copia que ten el do impreso de licitación.
- As poxas realizaranse por bloques en grupos de 50 animais, salvo nas subastas que non pasen dos 100 exemplares que se realizarán seguidas. Unha vez finalizado cada bloque parase a subasta para que os compradores e vendedores poidan presentar as súas alegacións, solicitar revisións ou máis información sobre a poxa. O comprador poderá pedir unha revisión do seu impreso de licitación para comprobar posibles erros.
- Unha vez rematado o período de revisión de cada bloque non poderá alegarse nada contra as adxudicacións nin facer modificación algunha nas poxas, importes, aceptacións, etc. Establécese unha única excepción a esta regra, que é para os rexeitamentos: estes poderán ser realizados ata que finalice a subasta en cuestión, aínda que pasara o seu bloque.
- O subastador poderá deixar pendente a adxudicación daqueles animais sobre os que os compradores aleguen que se detectaron defectos con posterioridade á entrega das poxas. Neste caso procederase segundo o artigo 13 do Capítulo III deste regulamento.
- No caso de non ser rexeitada, o subastador procederá á adxudicación, indicando o nome do comprador.

## **REGULAMENTO DAS POXAS DE GANDO VACÚN**

### **Artigo 16. – Pagos.**

As formas de pago serán:

- Poxas de becerros de recría e cebados: pagaré bancario cruzado ou transferencias ás contas dos propietarios que así o soliciten e teñan entregado con anterioridade un certificado da súa conta bancaria.
- Poxas de vacas de desvelle: pagaré cruzado ou transferencia con valor a 6 días despois da data da poxa.

O pago do gando adxudicado, será realizado pola Fundación Semana Verde de Galicia, por conta dos compradores.

Unha vez adxudicado o animal, e previo troco do recibo de recepción polo recibo oficial de venda do animal, o vendedor poderá proceder ao seu cobro nunha entidade bancaria, agás para o vacún maior que se abonará mediante pagaré a seis días da data da subasta.

No caso das vacas, para aqueles animais que non cheguen ao seu ciclo final de comercialización (decomiso total, parcial ou retención por probas de EEB), procederase á cancelación do correspondente pago.

Para xustificar dita cancelación o comprador afectado deberá facer entrega de inmediato á organización da copia da acta oficial asinada polo veterinario de Saúde Pública da Xunta de Galicia que teña feito a inspección. Nesta deberá reflectirse a actuación realizada, motivos e resultados para remitir ao vendedor do animal e comunicarlle a anulación da transacción e, consecuentemente, do pago.

A Central Agropecuaria proporcionará aos compradores, no momento de efectuar o pago, os correspondentes recibos individuais, así como unha relación de todas as compras realizadas na sesión.

A Central Agropecuaria poderá reter o pago dalgún animal, ben por defecto na súa documentación sanitaria ou por falta dalgún dos documentos esixidos, ata que se produza a validación dos mesmos.

A Central poderá reter ou descontar o pago de cantidades adebedadas por vendedores e compradores, de posteriores transaccións realizadas na Central Agropecuaria.

### **Artigo 17. – Horarios e Calendarios.**

As poxas de vacún teñen unha periodicidade semanal, fixándose como día habitual de celebración os martes.

A entrada de gando, deberá realizarse con carácter xeral entre as 16:00 h do luns e as 2:00 h do martes e entre as 6:30 h e as 8:00 h do martes. No caso dos becerros de recría este horario ampliarase ata as 9:00 h. dos martes. Non se admitirán aqueles animais que sexan presentados fóra deste horario.

O gando comercializado deberá retirarse do recinto da Central antes das 24:00 h. do martes salvo circunstancias excepcionais que deberán ser previamente autorizadas pola organización.

**O recinto da Central permanecerá pechado dende as 2:00 h ata as 6:30 h e a partires das 24:00 h do martes.**

## REGULAMENTO DAS POXAS DE GANDO VACÚN

### *Artigo 18. – Procedemento das poxas:*

- A documentación sanitaria dos animais presentados, deberá ser entregada á organización o martes en horario dende as 6:30 h. ata as 10:30 h. da mañá nas oficinas da Central ubicadas entre os pavillóns 3 e 4. Non se admitirán animais a subasta cuxa documentación non estea entregada antes desa hora límite. Esta documentación permanecerá en poder da organización ata que se resolva a subasta completamente. Se algún comprador precisa revisar alguna documentación, deberá solicitálo ao personal de administración da Central, quenelles llo poderán amosar nas oficinas pero sen entregarllo.
- Dende as 6:30 h. a 9:00 h. do martes os compradores acreditados poderán proceder á inspección e valoración dos animais, así como á presentación de solicitudes. Despois das 9:00 h. non se facilitarán impresos para poxas nin se admitirá a entrada de máis compradores. Os compradores terán como hora límite para efectuar as valoracións, determinar as poxas e entregar as tiras ata as 11:15 h. da mañá para as vacas e ata as 11.30 h. para os becerros. Ese é o periodo oficial de poxas e a partir desa hora non se admitirá modificación algunha nas poxas ou tiras. Se as tiras fosen entregadas con anterioridade á finalización do periodo oficial para axilizar o procesamento dos datos, admitiranse modificacións sempre e cando sexan realizadas no documento normalizado que a tal efecto facilitará a organización (e sempre na orde que definen os números de subasta) e entregadas dentro do devandito período oficial.

A organización pode alterar os horarios aquí fixados como consecuencia do volume de gando que se presente a subasta e sempre para axilizar todo o proceso. Deberá informar públicamente dos cambios antes das 9:00 h. da mañá.

- Ás 11:30 h. do martes, procederase á lectura de licitacións e adxudicación do gando, coa seguinte orde:
  - 1º: Poxa de Vacas.
  - 2º: Poxa de Becerros Carniceiros.
  - 3º: Poxa de Becerros de Recría.
- Durante a admisión e distribución do gando, o recinto de estabulación permanecerá pechado ao público en xeral. Habilitarase unha zona específica na nave para compradores e vendedores.
- Estará prohibido o acceso ao interior das oficinas de administración a toda persoa allea á Central e en particular aos operadores da subasta. Calquera reclamación ou solicitude atenderase ben na sala de cantado ou ben no mostrador de atención ao público.
- Para un correcto funcionamento do sistema de adxudicación establécese a confidencialidade das poxas. Ningún membro da Central facilitará información alguna sobre o contido das tiras. O acceso á información sobre as poxas estará restrinxido só a persoal autorizado.

## REGULAMENTO DAS POXAS DE GANDO VACÚN

### CAPÍTULO V. – RÉXIME ECONÓMICO.

#### **Artigo 19. – Réxime Económico.**

Para o sostemento económico da Central Agropecuaria de Galicia, esta poderá establecer taxas, comisións e outros mecanismos económicos/financeiros que considere oportunos. Asemade tamén poderán figurar entre os ingresos as doazóns e subvencións que a favor desta se constitúan.

#### **Artigo 20. – Figuras Económicas.**

A Entidade Promotora e Xestora da Central Agropecuaria de Galicia establece as seguintes figuras económicas, diferenciando as que se refiren aos animais comercializados, e aos non comercializados:

- **Taxas de Entrada:** Establécese por cada animal unha taxa fixa de entrada, que será descontada do prezo máximo de adxudicación do animal.
- **Comisión sobre transaccións:** Establécese comisións, como parte porcentual da transacción realizada na Poxa, que será descontada do valor máximo de adxudicación.

A contía das taxas e comisións serán definidas na addenda do presente regulamento.

Ás cantidades especificadas na addenda do presente regulamento haberá que sumarllas o IVE correspondente.

A organización entregará a factura correspondente do custo do servizo.

### CAPÍTULO VI. NORMAS ADICIONAIS.

#### **Artigo 21.- Gando en tránsito.**

Tendo en conta que a normativa de benestar animal esixe a descarga dos animais que levan xa un tempo no camión e que a Central está obrigada a rexistrar sanitariamente á súa entrada e saída no recinto, créase a figura de gando en tránsito que é aquel que entra e sae das instalacións sen ser comercializado nelas, polo que está fóra do procedemento das poxas.

O gando en tránsito non poderá ser de ningunha maneira obxecto de tratos comerciais no recinto pois isto suporía un dano importante ás poxas. En caso de detectarse estes tratos serán motivo de expulsión das poxas.

O gando en tránsito terá unha área especialmente habilitada para el, na que non se clasificará, nin se crotalizará, nin se cargará e descargará, nin se lle ofrecerá servizo algún.

É responsabilidade directa do entrador o entregar os documentos sanitarios correctos e facerse cargo das taxas correspondentes.

Este gando estará suxeito a unhas taxas de entrada específicas que se detallarán na addenda a este regulamento.

## REGULAMENTO DAS POXAS DE GANDO VACÚN

### ***Artigo 22. – Animais sen poxas non recollidos polos seus propietarios.***

Nestos casos, e sempre que os propietarios dos animais así o requiran para evitar custos de retorno ou semellantes, a organización pode aceptar intentar a súa comercialización posterior fóra da subasta e, de conseguila, quedarase cun 20 % da operación. No caso contrario esixirase ao vendedor a inmediata recollida do animal e o abono dunha taxa de 3 € por día que o animal permaneza nas instalacións.

11

### ***Artigo 23. – Réxime Sancionador.***

A participación como comprador ou vendedor, implica a aceptación de todas as normas recollidas no presente Regulamento.

Queda terminantemente prohibida en toda a área do Recinto calquera transacción de gando, que non sexa a través das poxas. Polo tanto, aqueles animais cuxa transacción fose rexeitada, deberán ser retirados polos seus propietarios ou persoas ao seu cargo.

O incumprimento do disposto no presente regulamento, dará lugar á inhabilitación como comprador ou vendedor nesta poxa, por un período de 3 meses; no caso de reincidencia a penalización será de un ano.

### ***Artigo 24. – Dereito de Admisión.***

***A Central resérvase o dereito de admisión nas súas poxas. Poderá excluírse das mesmas a todos aqueles operadores que considere pola súas actitudes ou malas prácticas.***

### ***Artigo 25. – Interpretación.***

A Entidade Promotora e Xestora da Central Agropecuaria de Galicia, será a responsable de interpretación do Regulamento así como a encargada de dirimir todas aquelas cuestións que poidan presentarse, e que non estean recollidas no presente regulamento.

### ***Artigo 26. – Modificacións Regulamentarias.***

Corresponde á Entidade Promotora e Xestora a modificación do Regulamento Xeral de Funcionamento así como os Regulamentos Específicos de Poxas.

Asemade tamén corresponde á Entidade Promotora e Xestora da Central Agropecuaria o establecemento e modificación dos mecanismos económico/financeiros.

REGULAMENTO DAS POXAS DE GANDO VACÚN

## ADDENDA

### Definición e cuantías das Comisións e Taxas:

12

#### Taxas de entrada:

Todos os animais que concurren á Poxa de Vacún veránse obrigados ao pago dunha taxa de entrada que será descontada do valor de adxudicación.

A cuantía das taxas de entrada están definidas no seguinte cadro:

TAXAS FIXAS	
BECERROS DE RECRÍA	2,50 €
BECERROS CARNICEIROS	5,50 €
VACÚN MAIOR	5,50 €
FÓRA DE POXA E DESERTOS	Taxa entrada <sup>(*)</sup>
REXEITADOS	Taxa entrada <sup>(**)</sup>
GANDO EN TRÁNSITO	1,00 €

<sup>(\*)</sup>Os animais en situación “Fóra de Poxa” e os que se atopen nunha situación de “desertos” (sen ningunha poxa), están obrigados ao abono da taxa de entrada.

<sup>(\*\*)</sup>Para aqueles animais cuxa transacción fora rexeitada polo vendedor (situación “rexeitados”) estarán obrigados ao pago da taxa de entrada, igual que os realmente comercializados.

**A todos os prezos reflectidos nesta addenda haberá que aplicarlle o IVE correspondente.**